ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a ditaminar diferentes asuntos para a súa inclusión na orde do día do Pleno ordinario previsto para o derradeiro xoves deste mes.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, ao tratarse dunha competencia do Pleno da Corporación, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO: CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que terá lugar o:

CVD: FzAwSr7qSX094R+pLo/L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

Día 27/07/2026

Hora: 08:45 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 09:45 horas a 2ª. Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobación das actas das sesións anteriores:

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 23/03/2026. Acta 2/2026.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 20/04/2026. Acta 3/2026.

2.-Aprobar se procede a adhesión ao o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climàtico da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso. (EXP. 2026/A006/000010).

3.-Aprobar se procede o recoñecemento da compatibilidade do posto de conserxe do Concello de Oroso (código RPT 07.00.04) coa actividade por conta propia como empregado autónomo de asesor cultural no Concello de Frades solicitado por D. Manuel Pazos Gómez.

II.-PARTE DE CONTROL.

4.-Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

CVD: FzAwSr7qSX094R+pLo/L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

En Oroso, asinado dixitalmente
O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: FzAwSr7qSX094R+pLo/L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/